

ACTA DE REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Convocada en tempo e forma, o día **24 de novembro de 2022**, sendo ás 21:00 horas, reúnese mediante videoconferencia a Xunta Directiva da Federación Galega de Orientación (FEGADO) coa seguinte orde do día:

Orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación das actas anteriores.
- 2.- Preparación da Asamblea Xeral Técnica do día 03-12-2022 e da Asamblea Xeral Ordinaria do día 17-12-2022.
- 3.- Tecnificación de Nadal de adultos e menores.
- 4.- Propostas de colaboración coa tecnificación portuguesa de MTB-O e Trail-O para facer entrenos coa FEGADO.
- 5.- Programa de estudos para entrenador de orientación Nivel 1 e Nivel 2.
- 6.- Busca dun novo colaborador de cartografía.
- 7.- Rogos e preguntas.

Asistentes/Ausentes:

Nome e apelidos	Cargo	Presente	Ausente
Sonia Gómez Naya (Compás)	Presidenta	X	
Claudia Oreiro Chapela (Gallaecia)	Vicepresidenta	X	
Roberto Amarelle Garabán (Compás)	Secretario		X
Francisco J. Antoñón Clemente (Aromon)	Tesoureiro	X	
Pablo Adrián Aller Estévez (Trevinca)	Responsable O-pé		X
José Antonio Ricoy Bugarín (Aromón)	Responsable Trail-O	X	
Enrique Luís Álvarez Estévez (Gallaecia)	Responsable MTBO	X	
Jorge Piñeiro Portela (Ártabros)	Responsable Dirección Técnica	X	
María Piñeiro Varela (Ártabros)	Responsable de Comunicaci3ns		X
Candela Puime López (VigOrienta)	Responsable de Deporte escolar	X	
Manuel Pedre Vázquez (Gallaecia)	Responsable Raids	X (incorp3rase ás 21:48)	
Javier Alvelo Fragueta (Aromon)	Colaborador Calendario, web e dorsais	X	

Alfonso Mancera Bello (Ártabros)	Colaborador Material y Formación	X	
----------------------------------	----------------------------------	---	--

1.- Lectura e aprobación das actas anteriores.

A Presidenta da FEGADO, Sonia Gómez Naya, toma a palabra dando a benvida aos presentes, nombrando coma Secretaria Accidental a Candela Puime López por ausencia do Secretario titular, ao que esta acepta e comeza a transcribir a Acta. A Presidenta expón a necesidade de aprobar as actas da Xunta Directiva anterior, quedando pendentes de aprobación para a seguinte Xunta Directiva que se celebrará o día 03 de decembro de 2022.

2.- Preparación da Asamblea Xeral Técnica do día 03-12-2022 e da Asamblea Xeral Ordinaria do día 17-12-2022.

Por motivo de coincidencia de datas da vindeira Asamblea Xeral Técnica co Campionato Ibérico Masculino, se solicita que esta sexa presencial e telemática para que teña a maior asistencia posíbel, polo que se aproba facela de tal xeito.

Toma a palabra Javier Alvelo Fraguera para amosar o Calendario provisional da tempada 2023. Indica que será amosada tamén na Asamblea Xeral Técnica do día 03-12-2022. Comenta que:

- para Trail-O faltarían 2 Campionatos máis.
- que o club Aromon ao que él pertence non quere facer probas a vindeira tempada, pero que falaría con eles para a posibilidade de facer algunha proba das que quedan libres.
- hai dúas coincidencias entre o Raid do club BudiñoRaid e a proba de O-pé do club Ártabros, e o Raid do club Cornelios e o City Race Euro Tour do clube VIGOrienta. Candela Puime López comenta que enviaron un correo electrónico ao club Cornelios pero non recibiron ningún tipo de resposta.
- en xaneiro esta previsto a importación de cursos.

Todos estes temas e posibles modificacións serán tratados na vindeira Asamblea Xeral.

Tamén fai constar que a Xunta Directiva aprobou o que se especifica no propio formulario, así coma que o Tesoureiro manifestou que se anotaría nas contas da FEGADO o gasto correspondente:

CERTIFICA

- La aprobación, por el órgano competente, de la justificación de la subvención en la que se hace constar de forma detallada:
 - El cumplimiento de la finalidad de la subvención.
 - Los distintos conceptos y cuantías correspondientes a los gastos totales soportados por la entidad beneficiaria imputables a la actuación subvencionada, con la siguiente relación: identificación del/de la acreedor/a, número de factura o documento equivalente, importe, fecha de emisión y fecha de pago.
- La anotación en la contabilidad del gasto correspondiente a la adquisición del equipo subvencionado, según informe del/de la tesorero/a de la entidad deportiva beneficiaria.
- La adquisición de equipos se ha realizado siguiendo el siguiente procedimiento:
 - Solicitud de tres ofertas, de conformidad con lo establecido en el artículo 48.2.f) del Decreto 11/2009, de 8 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley de subvenciones de Galicia.
 - La elección entre las ofertas recayó en la propuesta económica más ventajosa.
 - Las solicitudes de las ofertas, la elección y el pago del material se realizaron con posterioridad a la publicación de la convocatoria de la subvención y este fue efectivamente pagado con anterioridad a la finalización del período de justificación.

3.- Tecnificación de Nadal de adultos e menores.

Toma a palabra Jorge Piñeiro, indicando que o club Arnela deixaría os seus propios mapas para tal fin e o edificio para facer noite.

Enrique Luís Álvarez comenta que no club Gallaecia pensaron na posibilidade de facer adestramentos de Raid e MTB-O co seu club para as persoas que opten ao galego, aproveitando os seus propios. Tamén de facer estes adestramentos nas distintas provincias feitos por outros clubs por temas de desprazamentos.

Francisco J. Antoñón propón tecnificacións nacionais impartidas en Galicia e que poidan ser respaldadas pola FEDO.

Jorge Piñeiro indica a importancia de potenciar o Alto Rendemento en tecnificación para as/os rapazas/ces. Tamen gustaríalle saber con qué partida dos presupostos se contaría para tal fin. Incluso facer unha escola de tecnificación para as/os menores.

4.- Propostas de colaboración coa tecnificación portuguesa de MTB-O e Trail-O para facer entrenos coa FEGADO.

A Presidenta comenta a posibilidade de facer tecnificacións de O-pé coas/cos rapazas/rapaces de Portugal aproveitando as probas da liga Transfronteiriza. Todo isto foi falado previamente con Rafael Lima, seleccionador portugués.

5.- Programa de estudos para entrenador de orientación Nivel 1 e Nivel 2.

A Presidenta cédelle a palabra a Alfonso Mancera Bello coma colaboador de Formación o que indica o déficit de trazadoras/es titulados na FEGADO. Aínda que moitas/os atletas fixeran cursos para a

obtención de títulos, tanto de trazados coma de cartografía ou demais, case ninguén tiña a titulación que o acredite, polo que comenta que enviou correo electrónico a Ángel Rojas da FEDO e éste indicoulle que tería que falar con Roger Casal da FEDO tamén, para poder solucionalo pero segue esperando resposta.

Para o tema do Curso para a obtención do título de Entrenador de orientación 1 e 2, indica que vai preguntar coma sería para dar a parte específica do curso, posto que a parte xeral sería impartida gratuitamente pola Xunta e ésta é publicitada na web.

Tamen indica que durante o mes de xaneiro haberá unhas charlas específicas impartidas por:

- SportIdent: Pablo Aller.
- O-Trail: Jose Antonio Rico rechaza ser o conferenciante, polo que se asigna a Ángel Álvarez.
- Raid: Adrián Moreira.
- Rogaine: Manuel Pedre.
- Trazados: Ángel Álvarez.
- Permisos para probas: Tito Arufe.
- Medioambiental: Adrián Moreira.
- Cartografía: Mario Vidal (FEDO).
- Xuíza/xuíz controlador/a: Tito Arufe.

Para estas charlas pagaranse 100€ por conferenciante. Se ésta é compartida, dividirase o pago.

6.- Busca dun novo colaborador de cartografía.

Toma a palabra Jorge Piñeiro, indicando a solicitude de Iván Mera para deixar de ser colaborador de cartografía. Candela Puime comenta a posibilidade de que sexa Ricardo García Dengra, o cal indicou que formaría parte do club VIGORienta entrando así na FEGADO.

7.- Rogos e preguntas.

Toma a palabra a vogal de Deporte Escolar, Candela Puime, para comentar un tema ocorrido no mes de marzo de 2022 e falar do CESA 2023. A Presidenta pospón este tema para a seguinte Xunta con data 03 de decembro de 2022.

A continuación, Manuel Pedre, despois de falar con Isabel Diz, encargada das listaxes de resultados de Raid, solicita que se faga un modelo igual para que cubran todos os clubs e facilitar así os datos para a elaboración dos resultados. Este formulario enviaríase a tódolos clubs vía telemática.

Toma a palabra o Tesoureiro, comentando que hai categorías na que a participación é escasa, polo que fai constar a súa idea de que se reducen estas categorías e que cada atleta participara no seu propio rango de idade. José Antonio Ricoy engade que poderían facerse trazados compartidos entre máis categorías para non ter que facer tantos específicos para cada nivel.

Jorge Piñeiro engade que se recibiron queixas sobre trazados e cartografía en Raids, polo que enfatiza na asistencia as charlas.

Toma a palabra a Presidenta, solicitando a votación do diploma que se fará entrega nas remudas 2022 en un ou dous idiomas: español e galego. Apróbase este en dous idiomas, con 6 votos a favor e 1 en contra.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada esta reunión ordinaria da Xunta Directiva da FEGADO sendo ás 0:00 horas, e da cal eu coma Secretaria accidental dou fe.

Vigo, 24 de novembro de 2022.

A Secretaria accidental

Candela Puime López

A Presidenta

Sonia Gómez Naya